

ORDENANZA Nº32 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

ARTIGO 1: Natureza e Fundamento.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA, que se rexerá pola presente Ordenanza.

ARTIGO 2: Nacemento da obriga de pago.

Estará constituído pola utilización de calquera das instalacións que constitúen o obxecto desta Ordenanza, por impartir ensinanzas de Música. A obriga de contribuir nacerá pola solicitude de inscrición por parte do alumno ou do obrigado ó pagamento.

ARTIGO 3: Obrigados ó pago.

Están obrigados ó pago do Prezo Público os alumnos que se matriculen para ensinanzas que se impartan na Escola Municipal de Música, se teñen capacidade legal e, no caso contrario, os seus pais, titores ou encargados.

ARTIGO 4: Tarifas.

1. A estrutura e contía do Prezo Público a satisfacer a este Concello polos alumnos, será a que figura na seguinte:

TARIFA

	€
Matriculación, por materia	15,45
Dereitos de exame, por materia	4,10
Asistencia a clases de piano e prácticas con utilización de materiais, ó trimestre	18,55
Asistencia a clases de música restantes, por materia, ó trimestre	15,45
Expedición de certificados de estudos	4,10

As tarifas previstas no apartado anterior, excepto a correspondente á expedición do certificado de estudos, incrementarase nun 25% para aqueles alumnos que teñan superado o 4º curso de solfeo e instrumento, así como o curso de preparación de acceso ó grao medio e que permanezan cursando estudos na Escola Municipal de Música.

2. BENEFICIOS

a) Exencións: Os estudantes que acrediten a imposibilidade económica da súa unidade familiar de facer fronte ó pago do Prezo Público, previo o informe dos Servicios Sociais municipais, tendo en conta os criterios que se utilizan para a adxudicación de vivendas sociais, o chamado módulo ponderado.

b) Bonificacións: Aplicarase unha bonificación do 50% no prezo público regulado nesta Ordenanza, en base ó interés social, no suposto en que se cumpran os seguintes requisitos:

- Cando os ingresos totais anuais, prorrateados por meses, non superen o SMI.
- E non se dispoña de máis propiedades que a vivenda onde residan.

Para as unidades familiares de convivencia nas que os ingresos mensuais prorrateados superen a referencia do SMI, aplicarase o coeficiente exposto cando o importe dos devanditos ingresos, na parte que exceda do SMI, dividida entre o número de membros (excluído o perceptor), non supere os 60,00 €, conforme á seguinte fórmula:

$$\text{Importe ingresos mensuais prorrateados} - \text{SMI} = \text{exceso}$$

.....

Exceso : Nº de membros (excluído o perceptor) = menos de 60 euros

A bonificación exposta terá carácter rogado debendo efectuarse en instancia a parte, antes do 1 de novembro de cada ano, adxuntando a documentación que sexa requirida polos Servizos Técnicos Municipais e sen prexuízo do depósito previo do Prezo Público. No caso de concesión da bonificación, solicitarase a devolución da parte proporcional que corresponda.

ARTIGO 5: Normas de Xestión e Recadación.

As cantidades esixibles con arreglo á Tarifa, liquidaranse e cobraranse por ingreso directo na Tesorería Municipal:

- A matrícula no momento da súa formalización.
- Os dereitos de exame, no prazo que se indique no anuncio da súa convocatoria e sempre antes da súa celebración.
- A asistencia a clase e prácticas con utilización de materiais, por trimestres anticipados e dentro da primeira quincena do primeiro mes de cada trimestre natural.
- O prezo da expedición de certificados de estudos, no momento de solicitalos.

ENTRADA EN VIGOR

O presente acordo foi aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal, en sesión celebrada o día 19 de decembro de 2007 e entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Fechas anteriores modificacións como taxa:

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2000
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 17/12/2001
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 30/12/2002
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2004
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2005

Fecha modificación actual como prezo público:

PUBLICADO BOP (modificación tarifas y pasa a Prezo Público): 27/12/2007